		B1.9	B1.9	B1.9.1	CCL/CSC/CSIE E/CCEC	Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión.	50%				100%				100%			x					x	x	
				B1.9.3	CCL/CSC	Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa.	100%				100%			100%			x						x		
		B2.7	B2.7	B2.7.2	CCL/CSC	Recoñece e evita usos lingüísticos que transmiten prexuízos ou mensaxes discriminatorias.	100%					50%				50%			x					x	x
B5.3	B5.3	B5.3.1	CCL	Le expresiva, compresiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura do exilio.	50%					100%								x					x		
10% DA NOTA	LIBRO LECTURA				CCL	Demuestra a lectura do libro proposto contestando a un cuestionario sobre o seu argumento.	100%			100%							x								

*O peso na cualificación especificarase en cada proba que se presente ao alumnado e na información sobre os criterios de avaliación.

3ª Avaliación

Estándares de aprendizaxe avaliáveis

Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación

Temas transversais

PORCENTAXE	Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso Cualific.*	Instrumentos							Temas transversais											
									Prob. esc.	Prob. oral	Trab. ind.	Trab. grupo	Cad. Clase	Rúb.	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV					
8	B2.6	B2.6	B2.6.1	CCL/CSC	Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación (anuncios).	100%		100%									x	x	x								
			B2.6.2	CCL/CSC	Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes persuasivas que proveñen dos medios de comunicación.	50%		100%												x	x						
	B3.1	B3.1	B3.1.1	CCL	Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais.	100%		100%											x					x			
	B3.6	B3.6	B3.6.1	CCL/CAA	Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega nos discursos orais e escritos..	100%		100%												x							
			B3.6.2	CCL	Recoñece o valor funcional e social das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	50%		100%											x					x			
	B3.9	B3.9	B3.9.1	CCL/CCA	Recoñece, explica e usa os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.	50%		100%											x		x	x					
	B5.1	B5.1	B5.1.1	CCL	Identifica os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	50%														x							
	B5.2	B5.2	B5.2.3	CCL	Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da Literatura galega desde 1916 ata a actualidade, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.	50%					100%									x	x	x					
	9	B2.5	B2.5	B2.5.1	CCL/CSC	Diferencia os trazos característicos dos textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.	100%		100%											x							
				B2.5.2	CCL/CSC	Valora a intención comunicativa dun texto xornalístico e distingue entre información, opinión e persuasión.	100%		100%														x	x			
		B3.1	B3.1	B3.1.1	CCL/CCA	Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais.	100%		100%											x	x				x		
		B3.3	B3.3	B3.3.1	CCL/CCA	Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras.	50%																				
		B4.4	B4.2	B4.2.1	CCL	Coñece e describe a lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística	50%		100%													x	x	x			x
				B4.2.2	CCL/CSC	Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual.	50%		100%													x					
B4.2.4				CCL/CSC	Describe a situación sociolingüística de Galicia e emprega a terminoloxía apropiada.	50%																x					
B5.1		B5.1	B5.1.1	CCEC	Identifica os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	50%		100%												x	x						
B5.2	B5.2	B5.2.3	CCL	Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da Literatura galega desde 1916 ata a actualidade, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.	50%					100%										x	x	x					

3ª Avaluación

Estándares de aprendizaxe avaliados Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación Temas transversais

PORCENTAXE	Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identific Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso Cualific.*	Instrumentos							Temas transversais									
									Prob. esc.	Prob. oral	Trab. ind	Trab. grup	Cad. Clase	Rúb.	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV			
60% DA NOTA	B3.1	B3.1	B3.1.1	CCL/CCA	Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais	100%		100%									x								
			B3.1.2	CCL/CCA	Recoñece, explica e usa fraseoloxía diversa da lingua galega nas súas producións orais e escritas.	50%		100%										x							
	B3.3	B3.3	B3.3.1	CCL/CCA	Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras.	50%		100%								x	x								
	B4.5	B4.3	B4.3.1	CCL/CSC	Identifica os procedementos de normalización e argumenta axeitadamente a necesidade de continuar con este proceso na lingua galega.	50%		100%								x		x							
			B4.3.2	CCL/CSC	Distingue normativización e normalización e explica axeitadamente cada fenómeno.	50%		100%								x									
			B4.3.3	CCL/CSC	Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.	50%		100%										x	x				x		
			B4.3.4	CCL/CSC	Coñece os principais axentes normalizadores en Galicia e valora a súa importancia.	50%		100%																	
	B5.1	B5.1	B5.1.1	CCEC	Identifica os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	50%		100%								x	x						x		
			B5.1.2	CCL	Comprende e explica razoadamente os distintos períodos da literatura galega de 1916 ata a actualidade sinalando os seus principais trazos característicos.	50%		100%								x	x								
	B5.4	B5.4	B5.4.1	CCL	Elabora traballos individual e/ou colectivamente nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.	50%					100%						x	x	x				x		
	B5.5	B5.5	B5.5.1	CCL	Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas.	100%					100%									x					
			B5.5.2	CCL/CD	Emprego de diferentes recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destas.	100%					100%									x	x				

3ª Avaluación

Estándares de aprendizaxe avaliados

Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación

Temas transversais

PORCENTA XE	Identif. contidos	Identif. criterios	Identific Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso Cualific.*	Instrumentos							Temas transversais										
								Prob. esc.	Prob. oral	Trab. ind	Trab. grup	Cad Clase	Rúb.	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV				
15% DA NOTA	EXPRESIÓN ESCRITA	B2.12	B2.12	B2.12.1	CCL/CCA	Planifica a composición dos escritos en función do tipo de texto e da situación comunicativa para redactar textos adecuados, coherentes e ben cohesionados.	50%				100%			100%				x							
				B2.12.4	CCL/CSC	Utiliza o rexistro lingüístico adecuado en función da situación comunicativa e do ámbito de uso.	100%				100%			100%					x						
				B2.12.5	CCL	Usa elementos lingüísticos e discursivos para alcanzar a coherencia e cohesión interna (conectores e tratamento de formas verbais).	50%				100%			100%					x						
				B2.12.6	CCL/CCA	Revisa os textos de xeito gradual para resolver dificultades de contido (temática e estrutura) e de forma (cuestións tipográficas, ortográficas e gramaticais).	50%				100%			100%											
		B3.1	B3.1	B3.1.1	CCL/CCA	Selecciona o léxico e as expresións axeitadas en contextos comunicativos de uso formal da lingua.	100%					100%			100%			x					x		
		B3.7	B3.7	B3.7.1	CCL	Revisa os textos para puntuar correctamente.	100%					100%			100%			x							
15% DA NOTA	EXPRESIÓN ORAL	B1.5	B1.5	B1.5.1	CCL/CAA/CSC	Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatória).	100%			100%				100%			x					x	x		
				B1.5.2	CCL/CSC/CSIE E	Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal..	50%				100%			100%				x							
		B1.6	B1.6	B1.6.1	CCL/CAA	Aprecia a emisión dunha pronuncia galega correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea a partir da práctica habitual de autoavaliación e propón solucións para melloralas.	50%				100%				100%			x							
				B1.6.2	CAA	Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á maneira de pronunciar a lingua galega.	100%				100%			100%				x					x		
				B1.6.3	CAA/CCEC	Usa a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.	50%				100%			100%				x							
		B1.9	B1.9	B1.9.1	CCL/CSC/CSIE E/CCEC	Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión.	50%				100%				100%			x				x	x		
				B1.9.3	CCL/CSC	Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa.	100%				100%			100%				x					x		
B2.7	B2.7	B2.7.2	CCL/CSC	Recoñece e evita usos lingüísticos que transmiten prexuízos ou mensaxes discriminatorias.	100%				50%				50%			x					x	x			
10% DA NOTA	LIBRO LECTURA				CCL	Demostra a lectura do libro proposto contestando a un cuestionario sobre o seu argumento.	100%		100%							x									

*O peso na cualificación especificarase en cada proba que se presente ao alumnado e na información sobre os criterios de avaliación.

4. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

4.1.- ASPECTOS XERAIS

As materias lingüísticas, en xeral, contribúen de forma importante ao desenvolvemento e aprendizaxe do currículo por canto que son instrumentos de comunicación, soporte básico do coñecemento, vehículo para as relación sociais e para a expresión emocional.

Neste sentido, para desenvolver o currículo da materia de Lingua Galega e Literatura na ESO, propóñense as seguintes orientacións metodolóxicas:

- ✓ Adoptar un enfoque comunicativo no ensino e aprendizaxe da lingua que faga do texto a unidade comunicativa fundamental e que favoreza o emprego do idioma en distintas función e contextos de uso. Así, as habilidades e estratexias de lingüísticas deben ser obxecto de especial atención sen por iso desdeñar a reflexión e o coñecemento do código lingüístico.
- ✓ Traballar a partir da competencia inicial do alumno/a, repectando os ritmos de aprendizaxe.
- ✓ Traballar con textos escritos e orais de distinta natureza, especialmente expositivos e argumentativos, fomentando a comprensión e a expresión no rexistro axeitado, con coherencia e con corrección lingüística.
- ✓ Promover a utilización da diversidade de fontes e recursos para a obtención da información. A busca guiada desta tanto na bibiloteca coma na internet ou noutros medios, así como a composición de textos utilizando distintos soportes.
- ✓ Propiciar as actividades grupais que favorezan o intercambio respectuoso de ideas, o discurso argumentativo e o espírito crítico e cooperativo.
- ✓ Fomentar a lectura, interpretación e valoración de obras literarias na procura de espertar principalmente o gusto pola lectura e, por extensión, o enriquecemento do léxico e a comprensión e a expresión.
- ✓ Fomentar a aprendizaxe a partir das situación reais ou cotiás próximas ao alumnado nas que resulte conveniente aplicar alguna técnica concreta (resumo, esquema, comentario,...) coa finalidade de desenvolver a súa capacidade de saber aprender.
- ✓ Facer reflexionar sobre a situación sociolingüística do galego incidindo nos condicionantes que operan na elección dunha das dúas linguas en conflito na nosa comunidade, estimulando a autoanálise de cada alumno/a e do seu contorno en relación aos prexuízos lingüísticos.

- ✓ Promover a valorización da nosa lingua como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, incidindo na necesidade de superar prexuízos históricos no uso do galego

4.2.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

- **Enfoque** inminentemente **práctico**.
- Actividades e **postas en común** previas que promovan a reflexión.
- Extracción do **tema** fundamental e das ideas secundarias.
- Exercicios de **análise** e **síntese**.
- **Traballo práctico individual: produción por parte de cada alumno dun texto do mesmo tipo ca o modelo traballado** (planificación, xerar ideas, ordenalas, redactar, autocorrixir, reelaborar).
- **Traballo práctico cooperativo, por exemplo nas exposicións orais:** investigación, selección de información e exposición oral do tema na aula apoiándose nas TIC. Buscamos fomentar a aprendizaxe activa e o traballo cooperativo.
- Composicións textuais propias seguindo unhas pautas.
- Lectura e memorización **comprensivas**.
- Posta en común das ideas fundamentais.
- **Reflexión crítica sobre as ideas de textos de temática variada, resumos e esquemas das ideas do texto e posteriores debates en equipos** sobre o tema tratado.
- Para o **estudo da literatura o elemento central que se tomará como referencia é o texto literario** (lectura, comprensión, audicións de poemas musicados, películas sobre obras...) e, de xeito progresivo, hai que ir introducindo ao alumnado no comentario de texto de maneira que consiga facer breves comentarios no primeiro ciclo da ESO e máis completos no segundo ciclo.
- **Hábitos de traballo:** utilizar o dicionario de maneira habitual, realización de esquemas e resumos.
- **Actividades de comprobación ou repaso** sobre os contidos que o alumnado debe recordar.

4.3.- SECUENCIACIÓN HABITUAL DO TRABALLO NA AULA

1.- Motivación:

- Lectura dun texto, presentación dun vídeo, audio ou proposta dun tema con cuestións que faga pensar ao alumnado.
- Posta en común das ideas que ao alumnado lle suxire o tema.

2.- Información da profesora:

- Información básica para todo o alumnado
- Resolución de exercicios e de dúbidas .
- Información complementaria para reforzo e apoio
- Información complementaria para afondamento e ampliación

3.- Traballo persoal:

- Elaboración de esquemas ou cadros para organizar a información recibida.
- Lectura e comprensión de textos.
- Resposta a preguntas da profesora e resolución de problemas.
- Memorización comprensiva.
- Prácticas de oratoria.

4.- Avaliación:

- Probas escritas.
- Probas e exposicións orais.
- Traballo e esforzo individuais.
- Observación do traballo na aula e na casa.
- Análise de producións individuais: cadernos, textos, comentarios, traballos.

4.4.- OUTRAS DECISIÓNS METODOLÓXICAS

Agrupamentos: froito da observación do alumnado, fánzanse agrupamentos sempre que o grupo o necesite co fin de conseguir unha mellora no proceso de ensino-aprendizaxe.

Tempos: na medida do posible seguirase a temporalización establecida. Os diferentes ritmos de aprendizaxe, a dinámica de traballo do alumnado, xunto ás dificultades de comprensión de determinados conceptos poden provocar unha ralentización na exposición das unidades previstas que se tentará compensar axilizando a exposición daqueles contidos máis doados de asimilar por parte do alumnado.

Materiais: como libros de texto empregaremos durante este curso académico os da editorial *Anaya*. Para 1º ESO incorpórase o emprego do libro dixital a través do programa E-DIXGAL e que se irá implantando ao longo do curso. Ademais do libro de texto, que constitúe sempre unha boa referencia ou guía para o traballo dos alumnos/as, tamén se empregará o CD que acompaña o libro, co que se traballan os contidos de cada unidade nun formato audiovisual moi atractivo para o alumnado.

Utilizaranse cadernos de apoio e reforzo de diferentes editoriais e aqueles materiais complementarios que se consideren oportunos e que sirvan de reforzo ou ampliación do explicado en cada unidade: dicionarios, libros de consulta, cds de música, libros de lectura, xornais, revistas, cómics e medios audiovisuais e informáticos, nomeadamente o repositorio de contidos abalar.

O manexo das novas tecnoloxías, tal como se recolle nos contidos da materia, debe ter un lugar destacado tanto nos seus aspectos didácticos coma na procura de información e no proceso de elaboración de textos por parte do alumnado. O material relacionado coas TIC do que dispomos no centro, ademais das aulas Abalar en 1º e 2º ESO, é o seguinte: un ordenador por aula con conexión a internet equipado con canón proxector e pantalla dixital que pode utilizar o profesorado que o precise ou o alumnado nas súas tarefas expositivas, equipos informáticos na biblioteca aos que poden acceder os alumnos/as no seu tempo libre,

aulas de informática que se poden reservar para impartir as clases e a aula de audiovisuais.

Para reforzar o estudo dos contidos usaremos os seguintes materiais de apoio:

- CD audio para traballar a comprensión oral.
- Fotocopias de textos seleccionados para traballar a comprensión lectora.
- Fotocopias con actividades de reforzo e recuperación ou de ampliación.
- Fichas de ortografía, léxico, morfosintaxe e expresión escrita.
- Distintas páxinas web suxeridas ao alumnado.

Espazos: sempre e cando a organización do centro nolo permita, en ocasións puntuais, farase uso tamén da biblioteca, xa que é un recurso que consideramos esencial para o fomento da lectura (no contexto do Plan Lector do centro). O profesorado que imparta clase propoñerlle ao alumnado lecturas de tema variado e de interese axeitadas á súa idade e relacionadas coa transversalidade.

Recursos didácticos: Empregarase o encerado dixital dispoñible na aula, os ordenadores abalar ou os do programa E-DIXGAL, dispoñibles en 1º ESO, desde onde se realizarán actividades interactivas botando man dos recursos dispoñíbeis na rede, entre eles, a aula virtual, onde se recollen actividades relativas aos contidos estudados e onde o alumando pode enviar tamén as súas producións. Asemade será utilizado o material audiovisual e o fondo de libros da biblioteca do centro, así como calquera outro que se xulgue de interese.

5. AVALIACIÓN

5.1.- PROCEDEMENTO DA AVALIACIÓN INICIAL

1.- DATA DE REALIZACIÓN. A avaliación inicial realizarase ao comezo do curso escolar.

2.- TIPO DE PROBA. En primeiro lugar o profesorado informarase do historial académico dos alumno/as, prestará especial atención aos informes avaliadores do titor ou titora do curso anterior e recabará toda a información que precise sobre os alumnos no departamento de orientación. En segundo lugar, e xunto á observación directa das destrezas básicas do alumnado na aula, realizarase unha proba escrita que versará sobre os estándares de aprendizaxe que o alumno/a debeu adquirir ao finalizar o curso pasado e ferramentas básicas da comunicación e a linguaxe (*lectura comprensiva, escritura, ortografía, vocabulario...*) A proba, que será avaliada con nota meramente informativa, elaborarse seguindo o bloque de contidos: *Comunicación oral e escrita, Funcionamento da Lingua, Lingua e sociedade e Educación Literaria*, seleccionando de cada un deles o máis significativo, importante e básico. Así mesmo, prestarase especial atención neste primeiro achegamento ao alumnado á súa integración social, se se relaciona axeitadamente co profesorado e cos/coas compañeiros/-as

e tamén a actitude do alumno/a ante o estudo, se traballa con regularidade e de forma organizada, se participa activamente no desenvolvemento das clases e se asiste ao centro de forma continua e cumpre o horario escolar.

3.- INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS. As familias do alumnado serán informadas dos resultados sempre que se estime necesario, especialmente naqueles casos nos que sexa conveniente a realización de apoios e adaptacións curriculares.

4.-CONSECUENCIAS DOS RESULTADOS. Os resultados serán moi clarificadores para configurar a idea do curso e para levar a cabo os apoios e/ou adaptacións curriculares pertinentes. A proba escrita será avaliada cunha cualificación meramente informativa.

5.2.- PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

1. TEMPORALIZACIÓN. Realizaranse un mínimo de dúas probas escritas de contido teórico-practico por avaliación.


2. CUALIFICACIÓN. Para avaliar utilizaremos os seguintes instrumentos de recollida de información:

-Caderno de notas do profesor/a: anotacións periódicas sobre a súa integración no grupo e actitude, diálogos co profesor/a, participación con preguntas e opinións, atención, ritmo de traballo, resolución oral das actividades e preguntas, traballo diario, etc.

- Probas escritas e orais: as derivadas das obras de lectura obrigatorias, as probas parciais e recuperacións, as exposicións orais e expresións escritas que permitirán valorar a adquisición do estándares de aprendizaxe e serán acordes cos criterios de avaliación propostos.

A avaliación é continua e formativa pois entendemos que non se pode coñecer un idioma "por partes" senón que este é un conxunto onde hai que valorar a totalidade, desde a expresión oral ata a escrita en todas as súas formas e esta aprendizaxe ten que ser gradual e acumulativa, mais, para facilitar o traballo do alumnado, establecemos a recuperación das probas escritas. Ao mesmo tempo valorarase o esforzo e traballo diario do alumno/a do que se fará un seguimento mediante a observación directa e o rexistro do traballo e actividades.

A cualificación final de cada avaliación será o resultado da suma de:

 **Probas escritas: (60% da nota final).** Farase unha media entre as dúas probas de avaliación. Nelas recolleranse cuestións relativas aos contidos traballados na aula (gramática, léxico, ortografía, comunicación, lingua e sociedade e literatura)

- ✚ **Expresión escrita (15% da nota final).** Farase unha media entre todos os traballos de expresión escrita, teóricos ou prácticos, manuscritos ou en formato dixital, realizados tanto na aula como na casa, así como o **Caderno do alumno/a**: anotar conclusións, resumos e realizará actividades correspondentes ao traballo requirido polo profesor/a, que será avaliado pola profesora en 1º e 2º ESO.

- ✚ **Expresión oral (15% da nota final).** Realizaranse exposicións orais tanto de oratoria improvisada como de traballos de investigación propostos polo profesorado, así como a lectura en voz alta na aula.

- ✚ **Comprensión lectora (10% da nota final da avaliación).** Farase unha proba escrita de cada un dos libros de lectura propostos pola profesora en cada un dos diferentes cursos da ESO, que será un por avaliación con carácter obrigatorio. A demostración da lectura realizarase mediante un control escrito ou oral con preguntas sobre o argumento, ou ben un traballo sobre o libro. Asimesmo, tamén se poderán realizar probas de audición para comprobar a comprensión lectora.

- ✚ Ademais, co fin de fomentar o hábito lector, o alumnado poderá ler **dous libros optativos por avaliación (propostos pola profesora) cos que acadará ata 0,5 puntos por cada un, é dicir, 1 punto a maiores como máximo en cada avaliación sempre que teña un mínimo de 3 de media nos dous exames da avaliación.**

- ✚ **Segundo acordos dos Departamentos de Lingua Galega e Lingua Castelá, en todas as probas e traballos escritos restarase 0,05 por falta de ortografía e 0,25 por presentación-expresión ata un máximo de 2 puntos por exame en 1º e 2º ESO e 0,10 por faltas de ortografía e ata 0,5 puntos por presentación-expresión ata un máximo de 2 puntos por exame en 3º e 4º ESO.** Terase en conta: presentación incorrecta, imprecisións terminolóxicas, incoherencias no texto, erros de cohesión (nexos inapropiados e mala puntuación do texto) e incorreccións ortográficas. Puntuarase positivamente a utilización rigorosa de fontes bibliográficas (libros, revistas, información obtida por internet) e negativamente copiar traballos.

- ✚ Ao longo do curso o alumnado poderá ter que realizar **traballos individuais ou en grupo** cuxo tema será proposto pola profesora, quen informará tamén da avaliación e puntuación dos mesmos. A valoración será o resultado de ter en conta a presentación, orixinalidade, expresión escrita e/ou oral, caligrafía e ortografía, así como os contidos respecto ao tema proposto.

- ✚ **Non se fará media con exames por debaixo do 3.**

- ✚ Se un alumno/-a **non** puidese **acudir ao exame** datado con antelación suficiente terá que presentar un xustificante para poder realizar o exame.

- ✚ As **correccións** que realice o profesor/a sobre as tarefas, exercicios e traballos do alumnado serán coñecidas por estes sempre que sexa posible; para isto o profesor/a mostrará os exercicios unha vez corrixidos. Esta norma considérase de obrigado cumprimento no caso das probas obxectivas.

- ✚ **O traballo, a participación e o comportamento (servirá para aplicar o redondeo final).** Valorarase o traballo diario, a realización das tarefas, a entrega dos traballos na data fixada, a limpeza e claridade no caderno e o bo uso do material escolar; o esforzo por mellorar, a participación e as actitudes respectuosas tanto cara á materia coma ao profesorado e alumnado. Valoraranse negativamente a non realización das tarefas, esquecer o material de clase (libro e caderno), as actitudes que impidan ao resto dos/das compañeiros/-as unha aprendizaxe axeitada, a actitude pasiva, e calquera comportamento inadecuado na aula ou, de realizárense, nas actividades extraescolares relacionadas coa área.

- ✚ O feito de **copiar nun exame** suporá un cero e o alumno/a terá que recuperar a materia na data da recuperación. De ser na proba de recuperación, quedaralle un 0 nesta parte da materia, polo que se lle sumará o resto de cualificacións. Neste caso, de non acadar unha cualificación positiva de 5 ou superior en xuño, terá que ir á avaliación extraordinaria de setembro. No caso de ser a extraordinaria, quedará sen posibilidade de recuperar a materia ata o curso seguinte.

En síntese:

Probas escritas	60% da nota
Expresión escrita	15% da nota
Expresión oral	15% da nota
Lecturas	10% da nota
Traballo diario e actitude	Servirá para o redondeo da cualificación final da avaliación.

MEDIDAS DE RECUPERACIÓN DE PROBAS. Malia ao carácter continuo da materia, farase, co fin de facilitarlle a tarefa de estudo ao alumnado, unha recuperación da 1ª e 2ª avaliacións ao comezo do seguinte trimestre e da 3ª a final de curso. Esta recuperación será só da parte das probas escritas (60%), mantendo e sumándolle as cualificacións obtidas durante a avaliación cos outros procedementos (expresión escrita -15%- , expresión oral-15%- e comprensión lectora-10%-). A avaliación pretende valorar o esforzo e o traballo diarios polo que será continua, formativa e sumativa, por esta razón só será obxecto de recuperación a parte correspondente ás probas escritas.

CUALIFICACIÓN FINAL DE XUÑO. A nota final de xuño será a media das tres avaliacións.

Cando un alumno/a obteña, tras a ponderación de todos os procedementos de avaliación realizados, unha cualificación igual ou superior a 5 considerarase aprobado e promocionará , e se a nota é inferior a 5 considerarase suspenso, polo que disporá da posibilidade de ir á proba extraordinaria de setembro.

5.3.- PROCEDIMENTO DA AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

Tipo de proba: Os alumnos e alumnas que non superen a materia de Lingua Galega e Literatura na avaliación final do mes de xuño disporán dunha convocatoria extraordinaria no mes de setembro na que serán avaliados a través dunha proba escrita e dun control de lectura.

- **Proba escrita:** versará sobre os estándares de aprendizaxe de Lingua e Literatura vistos ao longo do curso. Será unha proba teórico-práctica con preguntas relativas á comprensión de textos, a expresión escrita, cuestións de tipo gramatical e léxico, reflexión sociolingüística, comentario de textos literarios ou desenvolvemento de temas que teñen que ver coa literatura. Entregarase no mes de xuño, xunto co boletín de notas, a relación de contidos de lingua e de literatura que serán obxecto de avaliación na convocatoria de setembro, que será a traballada durante todo o curso.
- **Control de lectura:** os alumnos/as terán que ler con carácter obrigatorio un libro de lectura marcado pola profesora do que serán avaliados a través dun breve cuestionario sobre o seu argumento.

Cualificación. A proba escrita terá unha puntuación de ata 9 puntos e o control de lectura, ata 1 punto. Na proba escrita os alumnos/as haberán de responder con exactitude, claridade e pulcritude ás cuestións propostas. O número de cuestións tamén será variable e a puntuación, de cero (0) a dez (9) puntos, será proporcional ao número de cuestións.

5.4.- CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Criterios de promoción. Segundo o Decreto 86/2015 do 25 de xuño polo que se establece o currículo da ESO e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia os criterios de promoción quedan establecidos da seguinte maneira:

- **Promoción:**
 1. De maneira automática se na avaliación final de xuño ou setembro tivese **superadas todas as materias.**

2. Se na avaliación extraordinaria de setembro tivese suspensas 1 ou 2 materias, sempre que non sexan simultaneamente Lingua Castelá e Matemáticas ou Lingua Galega e Matemáticas

Este apartado non necesita da aprobación nin da votación do equipo docente. O alumno ou alumna deberá someterse ó procedemento de recuperación das materias suspensas, establecido polos correspondentes departamentos didácticos.

➤ **Repetición:**

1. Con 3 ou máis materias suspensas.

➤ **Promoción excepcional** (*punto 3 artigo 6º*)

1. Avaliación negativa en 3 materias.

Na avaliación extraordinaria de setembro de maneira excepcional o equipo docente poderá decidir a promoción dun alumno/a cando se cumpran conxuntamente as seguintes condicións:

- O alumno ou alumna ten posibilidades de acometer con éxito o curso seguinte.
- Ten posibilidades de recuperación das materias pendentes do presente curso.
- A promoción beneficia a evolución académica e persoal do alumno ou alumna.

5.5.- PROCEDIMENTO DE RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE PENDENTES

Seguimento do alumnado. Xunto á observación directa do alumno na clase no curso no que está matriculado, levarase cabo un **plan de traballo** consistente na programación de actividades que axuden o alumno a acadar os estándares marcados para a superación da pendente, á vez que sirvan para reforzar a asimilación dos contidos do curso no que está matriculado. Ditas actividades, entregaranse nun caderno de traballo secuenciado en tres trimestres con exercicios que axuden a consolidar a súa competencia lingüística: de gramática, de ampliación de léxico, de redacción, análise e síntese de textos, así como de comentario literario de textos.

A profesora proporcionará aos alumnos/as o caderno de traballo que será revisado e comentado unha vez ao mes.

Avaliación. O alumno/a será avaliado en base a:

- **Caderno de traballo:** as actividades deberán estar correctamente realizadas e o propio caderno debe presentarse completo, limpo e organizado.
- **Probas parciais** para observar a evolución do alumno/a (a determinar segundo o traballo no caderno).

- **Probas finais:** Realizaranse dúas sesións de avaliación, unha ordinaria en xuño e outra en setembro, realizándose as probas no mes de maio e en setembro, respectivamente.

Tipo de proba. Será unha proba teórico-práctica con preguntas relativas á comprensión de textos, a expresión escrita, cuestións de tipo gramatical e léxico, reflexión sociolingüística, comentario de textos literarios ou desenvolvemento de temas que teñen que ver coa literatura.

Cualificación. O caderno de traballo será puntuado ata 2 puntos e a proba escrita, ata 8 puntos. O modo de cualificación vai ser en función do tipo de preguntas, mais os conceptos anteriormente expresados serán os que máis peso teñan.

6. OUTRAS AVALIACIÓNS

6.1.- AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINANZA E DA PRÁCTICA DOCENTE

Indicadores de logro	ESCALA			
	1	2	3	4
Proceso de ensino:				
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender ao alumnado con NEAE?				
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender ao alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

Indicadores de logro	ESCALA			
	1	2	3	4
Práctica docente:				
1.- Como norma xeral fanase explicacións xerais para todo o alumnado?				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				

6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe?				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc.?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc.?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de tutoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
14.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

6.2.- AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Mecanismo de revisión

Periodicidade. O seguimento do desenvolvemento da programación didáctica realizarase cada trimestre para establecer as medidas correctoras que se estimen necesarias.

Medidas a tomar en caso de desfase. Intentar priorizar aquelas actividades necesarias para asimilar os contidos que serán imprescindibles no curso seguinte e darlle menos peso horario a actividades que se poderían impartir en cursos posteriores.

Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica	Escala			
	1	2	3	4
Indicadores de logro				
1.- Diseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas?				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asignouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Diseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
18.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
19.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
20.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
21.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentas?				

22.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
23.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
24.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
25.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
26.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
27.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
28.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
29.- Seguiuise e revisouse a programación ao longo do curso				
30.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
31.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

Observacións:

7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

7.1.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NO PRESENTE CURSO

A.- MEDIDAS ORDINARIAS

ORGANIZATIVAS	CURRICULARES
<p>1. Adecuouse a estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algún alumno/a ou grupo?</p> <p><input type="checkbox"/> Tempos diferenciados, horarios específicos, etc.</p> <p><input checked="" type="checkbox"/> Espazos diferenciados?</p> <p><input checked="" type="checkbox"/> Materiais e recursos didácticos diferenciados?</p>	<p>1. Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.?</p> <p>SI, lévase a cabo un programa de reforzo educativo integrado con 6 alumnos e alumnas de 1º de ESO e 6 alumnos/-as en 2º ESO.</p> <p>2. Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a?</p> <p>SI</p> <p>3. Existe algún programa de reforzo en áreas instrumentais (LC/LG/MT) para alumnado de 1º e 2º da ESO?</p> <p>SI</p>
<p>2. Faise algún desdoblamento de grupos?</p> <p>SI</p>	
<p>3. Faise algún reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula?</p> <p>NON</p>	

4. Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a?

SI

5. Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a?

SI

6. Que medidas se propoñen para o alumno/a enviado á aula de convivencia?

O alumno/a terá que realizar as tarefas que propoña a profesora.

4. Existe algún programa de recuperación de materias non instrumentais? (2º ESO)

NON

5. Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia?

SI

Co alumnado que repite curso incídese na mellora da aprendizaxe e na motivación, así como dedícase unha especial atención aos aspectos actitudinais: a mellorar os hábitos de disciplina, estudo e traballo tanto individual coma en equipo. A repetición adoita provocar aburrimiento no alumnado polo que se procurará variar as actividades, proporcionándolle aquel material de reforzo ou de ampliación que sirva para mellorar o seu rendemento.

6. Aplícase ese programa específico personalizado para repetidores da materia?

SI

B.- MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

ORGANIZATIVAS

1. Canto alumnado recibe apoio por profesorado especialista en PT/AL?

1º ESO: 6 alumnos/-as.

2º ESO: 6 alumnos/-as.

2. Existe algún grupo de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro)?

NON

CURRICULARES

1. Existe algunha Adaptación Curricular na materia? ¿Cantas?

SI. DÚAS (1º ESO: Nivel 4º Ciclo Educ. Primaria e 5º Educ. Primaria)

2. Foi autorizado para a materia algún agrupamento flexible/específico?

NON

3. Existe algún Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)?

NON

3. Existe algún grupo de adaptación da competencia curricular(Al. estranxeiro)?

NON

4. Existe algunha outra medida organizativa: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.?

NON

4. Flexibilizouse para algún alumno/a o período de escolarización?

NON

5. Protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia, os reforzos, apoios, adaptación, etc. (Coordinación co PT)

- Programa de apoio: Lévese a cabo apoio educativo coa PT fóra da aula ordinaria en 1º (4h lectivas) e en 2º de ESO (3h lectiva). En 1º (iniciouse o curso cun grupo de 6 alumno/as. En 2º son outros 6 os alumno/as os que reciben apoio. (Iniciaron o curso académico 7, mais un deles marchou a outro centro estudar FP Básica.
- Son dous os alumno/as con ACS, en 1ºESO (ACS de 4º e 5º de Educ. Primaria).
- Establécese unha reunión de coordinación co profesor de apoio ao principio de semana, dentro das horas complementarias de disposición, para programar e facer un seguimento periódico do programa de apoio educativo. Nesas reunións o profesor titular e o profesor de apoio organizan o contido e tarefas que se levará a cabo ao longo da semana. Na realización das probas e na avaliación do alumnado tense en conta as observacións do profesor de apoio e na información ás familias consensúase unha valoración común do alumno/a por parte dos profesores implicados.
- Faise unha revisión e seguimento do modelo de intervención en cada sesión de avaliación, na CCP e cando existan motivos que o fagan necesario.

8.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Un problema importante co que nos atopamos á hora de programar as actividades complementarias e extraescolares é que a principio de curso non contamos coa oferta completa de actividades que potencialmente nos poden interesar (obras de teatro, recitais poéticos, encontros con diferentes escritores e escritoras, etc) polo que a programación dalgúns destas actividades se realizará ao longo do curso a medida que vaian xurdindo oportunidades.

O Departamento participará activamente na organización e difusión das actividades complementarias e extraescolares que organice o centro, tales como concursos literarios, animación á lectura, etc., e dun xeito coas actividades que organice a Biblioteca e/ou Dinamización Lingüística.

- 1.-En **1º ESO**, intentaremos visitar o Caurel realizando algún roteiro literario como o de Uxío Novoneyra.
- 2.-O alumnado de **2º da ESO** participará no proxecto **Contos do museo de Lugo**, lendo os contos e realizando posteriormente a visita ao Museo.
- 3.- O alumnado de **3º e 4º de ESO** realizarán algúns roteiros literarios para coñecer os espazos vitais e a obra de diferentes autores, aínda sen concretar: roteiro de Manuel María, roteiro Poetas de Celanova, casa de Rosalía, entre outros.
- 4.Procurarase desenvolver un obradoiro de Regueifas co fin de adquirir ou reforzar técnicas de expresión oral.
- 5.- Na última avaliación, o alumnado da ESO achegárase á figura de Carballo Calero, a quen se lle dedicará o Día das Letras Galegas 2020, a través da lectura da súa obra ou da realización dalgún traballo sobre o autor.

9.- DATOS DO DEPARTAMENTO

Materia	Curso	Grupos	Profesor/a
Lingua Galega e Literatura	1º ESO	A	Mª Pilar López Martínez
Lingua Galega e Literatura	2º ESO	A	Mª Pilar López Martínez
Lingua Galega e Literatura	3º ESO	A	Mª Pilar López Martínez
Lingua Galega e Literatura	4º ESO	A	Mª Pilar López Martínez

Xove, 14 de outubro de 2019

A XEFA DE DEPARTAMENTO

Asdo. Mª Pilar López Martínez